

Feira do LIBRO NIGRAÑ

Nova Biblioteca Municipal



Fran Alonso

Escritor e editor, licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa pola USC e Máster en Promoción da Lectura pola UCLM.

Comezou a súa traxectoria laboral no ámbito do xornalismo, no Diario 16 de Galicia, e desde 2018 é director de Edicións Xerais de Galicia.

Entre 2006 e 2010 ocupou o cargo de vicepresidente da Asociación Galega de Editores, é un dos membros fundadores da asociación Espazo Lectura e realiza espectáculos de animación poética.

Como escritor é autor dunha obra literaria que abarca a narrativa, a poesía, a literatura electrónica, a literatura infantil e xuvenil e o xornalismo.

Autor de máis de 30 títulos entre os que cabe citar Tráiler (1991), Cemiterio de elefantes (1994), Tortillas para os obreiros (1996); Cidades (1997), Males de cabeza (2001), Poetízate (2006), Poétic@ (www.poetica.gal, 2015), Terraza (2017), Street poems (2018) ou Douche a miña palabra (2021).

Feira do LIBRO NIGRÁN

Nova Biblioteca Municipal



Fran Fernández

Enxeñeiro de Minas e MBA en Responsabilidade Social Corporativa, con máis de vinte anos de experiencia no mundo do frío industrial, o que lle permitiu viaxar acotío por varios países de Europa e Oriente Medio.

PREMIOS

Dende que comezou a escribir en 2016, gañou máis de vinte premios literarios, entre os que destacan o XVII Certame de Novela por Entrega de La Voz de Galicia con A Senda de Sal (2017), publicada con Editorial Galaxia)
o XVII Antón Avilés de Taramancos de Relatos de Aventuras con Alana (2018)
o XII Premio de Poesía Victoriano Taibo con Mover os Marcos (2019)
e o XXXIII Certame de Poesía en Lingua Galega Rosalía de Castro de Cornellà, por O matrimonio é unha nasa (2020).
O pasado 6 de abril publica a súa nova novela de aventuras e fantasía O Bosque do Duque s' Hertogenbosch coa Editorial Galaxia na que irmanda o Val Miñor coa cidade neerlandesa de Den Bosch.

Feira do LIBRO NIGRÁN

Nova Biblioteca Municipal



Luisa Martínez Lorenzo

Dra. en Ciencias do Mar

Responsable da Unidade de Cultura Científica do
CSIC en Galicia

Master en Álbum Infantil Ilustrado
(Escuela i con i, 2016)

Autora e ilustradora de dous álbums
informativos (“Puf! Vaia peido...”
Editorial Galaxia, 2018

Co-autora con Marian Martinez de “Que teñen
que ver as vacas co cambio climático?”
Hércules Ediciones, 2022

Feira do LIBRO NIGRAÑ

Nova Biblioteca Municipal



Marta Dacosta

Comezou a publicar poesía na década de 1980 a través de colaboracións en diferentes revistas.

A súa obra foi recollida en antoloxías e traducida a varias linguas. Algúns dos seus poemas foron musicados (Carlos Seráns, Xardín desordenado, Miguel Alonso, Carme Penim, Guillermo Ignacio, Luís O Caruncho) ou incorporados ás pezas teatrais De abrente e ocasos de Teatro do Atlántico e Coa palabra na lingua de Teatro Nu.

Escribiu o libro de viaxes do Baixo Miño. Investigou sobre a sintaxe do galego medieval e sobre a obra literaria de Méndez Ferrín, Manuel María, Victoriano Taibo, María Victoria Moreno ou Xela Arias.

Como articulista colaborou con varios medios e, na actualidade, con Nós diario, coa columna de opinión “Filla de Medea”.

Feira do LIBRO NIGRÁN

Nova Biblioteca Municipal



Pedro Rodríguez

Xornalista e director de Teatro do Ar
Autor de "O amor das pedras"

PREMIOS

Premio Nortear 2021

Certamen de Poesía Manuel Oreste Rodríguez
Premio Provincial á Xuventude da Deputación de
Pontevedra na especialidade de relato
Certame de poesía Lingua de Namorar
Premio ao mellor guión orixinal no certame de
teatro da Deputación de Coruña

Feira do LIBRO NIGRÁN

Nova Biblioteca Municipal



Soledad García

Forma parte do grupo artístico de fusión de arte Solaina. No seu proxecto Garatuxas do Val Miñor ten publicado as seguintes obras:

DEDAS, 2021. Libro didáctico, inclusivo e evolutivo sobre dúas nenas tan iguais e tan diferentes cunha sorpresa final.

Un paseo por Nigrán, 2022. Conto guía xuvenil para poñer en valía o corazón do Val Miñor.

PREMIOS

Gañadora do XIX Certame de relato curso en galego do Concello de Mugardos 2022 coa obra

Haberán de construír un cemiterio nas Illas algún día!

Gañadora do Certame Literario Microrrelato

Alitera Clara 2019 coa obra Crisálida

Ten participado en distintos festivais de poesía Kerouac e publicado unha escolma dos seus poemas na revista de Estudos Miñoráns, Lares do Val Miñor. Obras colectivas con outros autores:

No corazón da mamá medran todos os aloumiños, Calembur de sons. Tes cinco minutos #2. Editorial Galaxia, 2022

Salvavidas. Tes cinco minutos #1. Editorial Galaxia, 2021

456 cm de olladas compartidas. Baldo Ramos, 2018 (Poesía visual)

Feira do LIBRO NIGRÁN

Nova Biblioteca Municipal



Noelia Muiños Ramón Quintas

Autores do libro Camiño Portugués da Costa, forman xuntos **Papelier**, un proxecto de creación de ilustración e deseño con sede en Baiona.

Noelia (Ponte Caldelas, 1986) é licenciada en Publicidade e Relacións Públicas. Con experiencia no ámbito do deseño gráfico e editorial traballou tamén como docente no campo artístico e creativo con nenos e adultos.

Ramón (Gondomar, 1983) é Licenciado en Belas Artes e desenvolve a súa actividade profesional principalmente no ámbito docente con xóvenes e nenos.